

O RECORDO DE MARNIE

101

[Hiromasa Yonebayashi, 2014]

ESTREA EN NUMAX: 01.04.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Omoide no Mânî (2014, 103')

Dirección: Hiromasa Yonebayashi

Guión: Niwa Keiko, Ando Masahi (Libro: Joan G. Robinson)

Reparto: Sara Takatsuki, Kasumi Arimura, Nanako Matsushima, Susumu Terajima, Toshie Negishi, Ryôko Moriyama, Kazuko Yoshiyuki, Hitomi Kuroki (voces)

Dirección de arte: Yohei Taneda

Son: Eriko Kimura, Jamie Simone

Música: Takatsugu Muramatsu

Produtora: Studio Ghibli, Dentsu, Hakuhold DY Media Partners, Mitsubishi Motors Corporation, Nippon Television Network, Toho (Xapón)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA

Arrietty y el mundo de los diminutos, 2010


PREMIOS

Oscar 2015 (nomeado ao mellor filme de animación), Annie 2015 (mellor filme independente).

SINOPSE

Anna é unha moza solitaria, sen amigos, que vive cos seus pais adoptivos. Un día é enviada co señor e a señora Pegg. Alí, onde se estenden as dunas de area, coñece a unha rapaza chamada Marnie, que axiña se ha converter na súa mellor amiga. Tendo aprendido moitas cousas sobre a amizade, Anna darase de conta de que Marnie non é quen parece.

«Chea de cor e detalle, sostida e elevada pola lixeira partitura do pianista Takatsugu Muramatsu, o estilo de animación tradicional do filme dá á narrativa da vella escola unha sensación aínda máis atemporal» Peter Debruge. VARIETY



O RECORDO DE MARNIE

[Hiromasa Yonebayashi, 2014]

Entrevista con Hiromasa Yonebayashi

Por Scott Thill

Cando rematas o filme xa se rumoreaba sobre a fin do Studio Ghibli.

Estou certo de que o meu non ha ser o último filme de Ghibli. De feito, Hayao Miyazaki atópase en proceso de realización de filmes curtos.

Faláronche Miyazaki ou Suzuki do futuro da compañía? O plans de futuro de Ghibli están nas mans do produtor Suzuki e do director Miyazaki, non teño ningunha intuición ao respecto. En canto a min, gustárame facer outro filme mais os proxectos que teño en mente non progresaron o suficiente como para poder falar deles.

Como fixeches para que O recordo de Marnie e Arriety y el mundo de los diminutos (2010) teñan o teu selo e, ao tempo, encaixen na tradición de Ghibli? O Studio Ghibli é unha compañía que ten sempre como reto explorar novas expresións sen ter que se relacionar necesariamente coas obras anteriores. Con isto na mente, tentei buscar novas formas de expresión ao realizar *Arriety y el mundo de los diminutos* e *O recordo de Marnie*. Levo feitos tan só dous filmes, non estou certo de ter conquerido xa o meu propio estilo. O meu obxectivo é facer filmes que representen as cualidades humanas, do mesmo xeito que teñen feito Hayao Miyazaki ou Isao Takahata.

Ambos filmes contan con personaxes con doenzas físicas ou psíquicas que logran a súa curación coa axuda da contorna natural e a empatía humana.

As historias foron seleccionadas polo produtor Toshio Suzuki e o director Hayao Miyazaki. Non sei por que escolmaron estas historias mais cando as lin fun quen de empatizar automaticamente cos personaxes. Pensei que moita xente que vive na nosa

constreñida sociedade contemporánea compartía esta empatía. Daquela, fixen estes filmes cun sentimento de cercanía cara aos personaxes principais. Coido que a contorna e as relacións que acompañan ás persoas con algunhas caste de doenza teñen unha gran incidencia na súa posíbel curación. Por iso decidín expresar a sensación que temos ao entrar en contacto coa auga fría, o cheiro ou o gusto. Nos meus filmes fago certo énfase na recreación do que podemos percibir cos nosos sentidos.

Es o director máis novo do Studio Ghibli, o que supón un logro significativo.

Antes de entrar a traballar para Ghibli xa tiña feito curtas de animación para spots publicitarios nos meus tempos de estudante. Tiven moitos proxectos que fracasaron e nese momento fun consciente do pracer de facer cinema a partir de debuxos que se moven.

Daquela, o futuro de Ghibli é un misterio, e que hai do seu? Como dixen non estou aínda en condicións de falar do meu próximo proxecto, só podo dicir que vai ser unha historia para nenos e nenas chea de acción e fantasía.

Por último, que proveito sacas de ter traballado nun dos estudos de animación máis importantes do planeta? Hai unha chea de cousas que aprendín traballando en Ghibli. A máis importante foi ter traballado como animador para os filmes dirixidos por Hayao Miyazaki, pois permitíume aprender como debuxar para distintas técnicas de animación, mesmo cando el tenme corrixido acotío. Esa herdanza vaime acompañar toda a vida.

Extraído de: <http://www.cartoonbrew.com/interviews/hiromasa-yonebayashi-on-when-marnie-was-there-being-scolded-by-miyazaki-and-studio-ghiblis-future-120341.html>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El viento se levanta.

Hayao Miyazaki. Vértigo [Blu-Ray]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org